

## ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

### XUNTA DE GALICIA

#### Consellería de Traballo e Benestar

#### Xefatura Territorial da Coruña

#### Servizo de Relacións Laborais

*Resolución de inscripción e publicación do acordo da comisión negociadora do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña polo que se modifica o artigo 8*

Visto o texto da acta da subscrita o día 7 de maio de 2013 pola comisión negociadora do convenio colectivo do sector de limpeza de edificios e locais da Coruña (código de convenio 15000945011981), na que se aproba a modificación do artigo 8 do convenio colectivo, non apreciando infracción da legalidade vixente ou lesión grave ao interés de terceiros, de conformidade co disposto no artigo 90..º 2 e 3..º do Real decreto lexislativo 1/1995, do 24 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto dos Traballadores, no Real decreto 713/2010, do 28 de maio, sobre rexistro e depósito de convenios e acordos colectivos de traballo e e na Orde de 29 de outubro de 2010 pola que se crea o Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia

ESTA XEFATURA DE TRABALLO E BENESTAR RESOLVE:

1..º.—Ordenar a súa inscripción no Rexistro de Convenios e Acordos Colectivos de Traballo da Comunidade Autónoma de Galicia.

2..º.—Dispoñer a súa publicación no Boletín Oficial da Provincia da Coruña.

A Coruña, 27 de maio de 2013.

Xefa territorial da Consellería de Traballo e Benestar

MARÍA PILAR CARIDAD ALONSO

### ACTA DE CORRECCIÓN DE ERRORES DEL CONVENIO COLECTIVO DEL SECTOR DE LIMPEZA DE EDIFICIOS Y LOCALES DE LA PROVINCIA DE A CORUÑA

#### REUNIDOS

Por la representación social	Por la representación empresarial
UGT	Asociación Provincial Empresas Limpeza
Gabriel Acitores López	Ramón Salgado Fuentes
Sandra Pedreira Precedo	Jesús Gómez Vázquez
Marta Jesús García Pérez	
Juan M. Carreira García (asesor)	ASPEL
	José Félix Valderrey de la Huerga
CC.OO.	Ubaldo Pérez Rodríguez
Carlos Villar Cures (asesor)	
Miguel Angel Sáez Fernández	Asesora empresarial
Vitoria Bello Barbeito	Marina Graña
Purificación Aivarez López (asesora)	

En A Coruña, siendo las 10.30 horas del día 7 de mayo de 2013, se reúnen las personas arriba relacionadas, en los locales de la Confederación de Empresarios de La Coruña, con objeto de llevar a cabo una corrección de errores del convenio colectivo del sector de limpieza de edificios y locales de la provincia de A Coruña, detectada en el momento de su publicación en el BOP del 11 de abril de 2013.

**ACUERDAN**

PRIMERO.–Se corrigen los errores advertidos en el artículo 8 del convenio colectivo, que debe tener la siguiente redacción:

**Artigo 8.º.–Xornada laboral.**

1.–A xornada máxima será de 39 horas semanais de traballo efectivo, sendo distribuídas a elección de cada empresa, e de cuxa distribución terá coñecemento o persoal. Esta distribución farase por traballador/a e a xeito de calendario, o cal deberá ser asinado polo traballador/a afectado e o seu representante. A xornada estará dividida en quendas de mañá, tarde e noite, sen que ningún traballador/a poida realizar máis de dous quendas.

Establécese o día de Sábado Santo como día festivo e non recuperable. Aqueles traballadores/as que por necesidades do servizo non puideran disfrutar este día daráselles outro día de descanso en compensación. Este día sinalarase pola empresa dependendo das necesidades do servizo.

Considerase como un mesmo centro de traballo as rutas e os comprendidos dentro dunha mesma zona comercial.

2.–Cando se amplíe a xornada nun centro de traballo, ou se proceda a cubrir unha vacante existente, terán preferencia para o incremento da xornada laboral, antes de novas contratacións:

- En primeiro lugar, o/as traballadores/as que presten servizos en dito centro e tiveran reducións de xornada por causas obxectivas dende o 1 de xaneiro de 2008, como consecuencia da crise económica actual, e non teñan xornada completa.

- En segundo lugar, o/as traballadores/as que presten servizos en dito centro e non teñan xornada completa.

- En terceiro lugar, o/as traballadores/as da empresa que presten servizos en outros centros da empresa e que tiveran reducións de xornada por causas obxectivas dende o 1 de xaneiro de 2008, como consecuencia da crise económica actual, e non teñan xornada completa.

- En cuarto lugar, o/as traballadores/as da empresa que presten servizos en outros centros da empresa e que non teñan xornada completa.

En tódolos casos anteriormente citados, caberán excepcións cando existan razóns organizativas ou produtivas xustificadas.

Este artigo do convenio colectivo finalizará a súa vixencia o 31 de decembro de 2014, non sendo de aplicación ningún tipo de ultravixencia nin prórroga.

SEGUNDO.–Se acuerda notificar a la Consellería de Traballo este acta de corrección de errores, para su registro y publicación.

Y en prueba de conformidad, firman la preserve en el lugar y fecha arriba mencionados.

2013/6867